



ANUNCIO DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE CARÁCTER TRIBUTARIO ACORDADAS POLO CONCELLO DE A GUARDA RESPECTO DOS SEUS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

En data 14 de marzo aprobouse o Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, durante un período de 15 días naturais, o cal vai ser ampliado de maneira imminente por 15 días mais.

Como consecuencia da declaración de estado de alarma, polo Goberno da Nación aprobouse una regulación específica en materia tributaria no artigo 33 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19.

Dentro dos marxes que permite a legalidade vixente e co fin de paliar os efectos prexudiciais que da situación actual de estado de alarma se deriven para a economía do municipio, por este concello proceden a adoptarse as seguintes medidas adicionais ás adoptadas polo Goberno:

1. Respecto do cargo en conta ós contribuíntes das domiciliacións derivadas do pago da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga correspondente ó cuarto trimestre do exercicio tributario 2019, actualmente en período voluntario de ingreso: retrasar a data de cargo en conta un mes, do 20 de marzo de 2020 ó 20 de abril de 2020.
2. Respecto do cargo en conta ós contribuíntes das domiciliacións derivadas do pago da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ó exercicio tributario 2020, actualmente en período voluntario de ingreso: retrasar a data de cargo en conta un mes, do 5 de abril de 2020 ó 5 de maio de 2020.
3. Respecto do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ó exercicio tributario 2020, cuxo período voluntario de ingreso debía iniciarse o próximo día 1 de abril de 2020: retrasar o inicio do período voluntario de ingreso 30 días, comezando o día 1 de maio de 2020.
4. Respecto dos restantes impostos e taxas municipais, acordase a modificación do calendario fiscal aprobado por Decreto de Alcaldía 2020-0124, de 6 de febreiro, publicado no Boletín Oficial da Provincia en data 14 de febreiro de 2020, nos seguintes termos:
 - Ampliar o período voluntario de ingreso en 30 días, que pasa de ter unha duración de dous meses e sete días a unha duración de tres meses e sete días.
 - Retrasar 30 días a data de cargo en conta das domiciliacións destes impostos e taxas, respecto das previstas inicialmente

De maneira que os novos períodos voluntarios de cobro e as novas datas de cargo en conta das domiciliacións deste impostos e taxas quedan como segue:



MODIFICACIÓN CALENDARIO FISCAL 2020			
CONCEPTO	INICIO PER. VOL. INGRESO	NOVA FINALIZACIÓN PER. VOL. INGRESO	NOVO CARGO EN CONTA DOMICILIACIÓNS
IVTM 2020	01/05/2020	07/08/2020	05/07/2020
SUMIDOIRO 2020	01/05/2020	07/08/2020	05/07/2020
1º TR 2020 AUGA	20/05/2020	26/08/2020	20/07/2020
IBI URBANA 2020	01/07/2020	07/10/2020	05/09/2020
IBI RÚSTICA 2020	01/07/2020	07/10/2020	05/09/2020
2º TR 2020 AUGA	20/08/2020	26/11/2020	20/10/2020
VADOS 2020	01/09/2020	07/12/2020	05/11/2020
OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA 2020	01/09/2020	07/12/2020	05/11/2020
IAE 2020	01/10/2020	07/01/2021	05/12/2020
3º TR 2020 AUGA	20/11/2020	19/02/2021	20/01/2021

5. Respecto dos importes cobrados o pasado día 10 de marzo, correspondentes ó prezo público pola realización da actividade de pilates durante o mes de marzo de 2020, e dado que a actividade suspendeuse en data 13 de marzo de 2020, procederáse á devolución da parte proporcional do importe cobrado.
6. Respecto dos importes cobrados o pasado día 10 de marzo, correspondentes ó prezo público pola realización da actividade de ximnasia senior durante o mes de marzo de 2020, e dado que a actividade suspendeuse en data 13 de marzo de 2020, procederáse á devolución da parte proporcional do importe cobrado.
7. As taxas pola prestación de servizos de competencia local non se liquidarán mentres o servizo non se preste. Continuarán liquidándose aquelas taxas cuxo servizo se continúe a prestar.
8. Procederáse á devolución do importe ingresado en concepto de prezo público pola actividade de andaina Trilho dos pastores na serra D'arga que, prevista para o pasado 21 de marzo de 2020, tivo que ser cancelada.
9. Os prezos públicos pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia do concello non se liquidarán mentres o servizo non se preste ou a actividade non se realice. Continuarán liquidándose aqueles prezos públicos cuxo servizo se continúe a prestar ou cuxa actividade se continúe a realizar. Así mesmo
10. A taxa por ocupación do dominio público pola actividade de mercadillo, non se deveñará mentres dure a prohibición de ocupar o dominio público para a realización desta actividade.
11. Dado que aínda non se produciu o seu deveción, iníciase a tramitación do expediente necesario para a aprobación polo Pleno do concello de A Guarda da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública a fin de que a cota tributaria por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras sexa, con carácter excepcional para o exercicio tributario 2020 de 0,00 € por metro cadrado ou fracción.





Todas estas medidas adóptanse sen prexuízo de que no futuro poidan establecerse medidas adicionais en función da evolución da crise provocada polo COVID-19 e da regulación excepcional que estableza o Goberno da Nación.

